



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN BANCARIA "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PERSOAS MAIORES NOS CENTROS SOCIOCOMUNITARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Xuventude, DECLARA:

Que esta consellería ten previsto formalizar coa Fundación Bancaria Caixa d'Estalvis i Pensions de Barcelona "la Caixa" (en diante Fundación Bancaria "la Caixa") o convenio descrito no encabezamento e con de efectos desde a súa formalización e ata o 31 de decembro do 2023.

Que o citado instrumento ten por obxecto o desenvolvemento do Programa de Persoas Maiores da Fundación Bancaria "la Caixa" nos centros sociocomunitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que se detallan no Anexo I do convenio. O programa comprende toda unha serie de actividades dirixidas ás persoas maiores para que poidan desenvolver o seu proxecto de vida, facilitándolles recursos e formación. As citadas actividades agrúpanse en catro liñas de actuación:

- a) Mantemento da saúde física e prevención da fragilidade, centrada especialmente en promover a autonomía das persoas.
- b) Fomento do desenvolvemento persoal, como liña de actuación que pon o acento no desenvolvemento das capacidades das persoas e en facilitar as tomas de decisións.
- c) Mellora das competencias dixitais.
- d) Participación social e voluntariado, centrada na promoción da participación social e comunitaria das persoas maiores, xerando a creación de proxectos vinculados á comunidade que permitan compartir experiencias.

Atendendo a que os efectos da pandemia poidan supoñer restricións que afecten o desenvolvemento da actividade habitual destes centros, propónse que:

- No caso de que os centros sociocomunitarios estean abertos e de acordo coas medidas que ditaminen as autoridades sanitarias, a realización das actividades será en formato presencial.
- Naquelas circunstancias nas que os centros sociocomunitarios estean pechados, acudirase ao desenvolvemento das actividades na súa modalidade telemática.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o que se establece no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, lei que, no seu artigo 59.i), prevé expresamente que a administración autonómica ten competencia para a creación, o mantemento e a xestión dos servizos sociais especializados, así como de centros e programas de servizos sociais comunitarios específicos.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e, en consecuencia, en materia de servizos sociais comunitarios e atención ao colectivo das persoas maiores, de conformidade co Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Polo tanto, entre as áreas de actuación do mencionado órgano superior destacan a de atención e promoción do benestar das persoas maiores, co obxecto de promover a súa integración e participación na sociedade, fundamentalmente desde o nivel de actuación dos servizos sociais comunitarios.

Por outra banda, a Fundación Bancaria “la Caixa”, ten por obxecto, con carácter xeral, o fomento e desenvolvemento de obras sociais, benéficas, asistenciais, docentes e/ou culturais, e seralle propia calquera actividade que, aínda que sexa indirectamente, estea ordenada a eses fins. Consecuentemente, desde as súas orixes, fixou a súa atención nas persoas maiores como un dos colectivos obxecto do seu interese, mediante un Programa de Persoas Maiores que tivo por finalidade impulsar unha labor de promoción e atención das persoas maiores, desenvolvendo actividades de formación e fomentando a súa participación activa na sociedade.

Ambas as dúas institucións son conscientes do papel activo que desenvolven e teñen que desenvolver as persoas maiores na sociedade. O aumento progresivo da esperanza de vida, así como a mellora das condicións sociais e de saúde, deron lugar a un colectivo cada vez máis numeroso, máis heteroxéneo e con necesidades diferentes ao longo do seu ciclo vital. Así mesmo, obsérvase a aparición de novos perfís sociolóxicos de maiores con máis formación e información. Todo iso leva consigo a necesidade de darlle respostas diversas e innovadoras ao dito colectivo.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Bancaria “la Caixa”, recoñecen o labor que se veu desenvolvendo nos últimos anos para impulsar a promoción do envellecemento activo, que se materializou nos sucesivos convenios de colaboración subscritos por ambas as dúas institucións nos últimos anos e que supuxo, entre outras actuacións, a realización de actividades formativas para promover a participación activa das





persoas maiores, entre as que destacan as materias vinculadas ás novas tecnoloxías, e a dotación de equipos informáticos, chamados EspacioCaixa, nos Centros Sociocomunitarios da Comunidade Autónoma. Tamén se trata de fomentar o asociacionismo entre os maiores, apoiando a creación de entidades de voluntarios de informática.

A utilización da figura do convenio de colaboración xustifícase neste caso pola especial natureza do seu obxecto, que consiste nun marco de colaboración que non implica custo económico ningún para a Administración xeral da Xunta de Galicia, nin en consecuencia, subvención ningunha a favor da Fundación Bancaria “la Caixa”, porque o desenvolvemento das actividades de maiores obxecto deste convenio non lle supón á Consellería de Política Social e Xuventude ningún custo adicional, máis aló daqueles aos que xa está obrigada a asumir ordinariamente ao respecto do mantemento dos centros sociocomunitarios para garantir o seu normal funcionamento con cargo aos créditos consignados para esta finalidade nos orzamentos anuais de gastos da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, do contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data que consta na sinatura electrónica.

